

e que daquela -corría o ano 1.972- xa non estaba o mundo noso para "Belenes", que deberían quedar reducidos a un mero aspecto conmemorativo ou incluso folklórico, no interior das casas, para que os nenos vivisen "ambiente navideño", có xogo de buscar a carriza e montar o nacemento.

Pero non foi así.

Revolucionando electrónicamente un nacemento non se desvirtuaba o seu senso, porque os belenes ou nacementos foron evolucionando có paso dos tempos.

Pra atopar o primeiro Belén hai que remontarse a fai máis de 1.600 anos, xa que apareceu nas Catacumbas de Roma. Xa entón tería a SAN XOSE, A VIRXE, A MULA e o BOI, có NENO.

Nos primeiros belenes a Virxe aparciá deitada. Eran verdadeiros nacementos, no que a Virxe, que parira con door, estaba postrada nun probe leito, e dúas mulleres, as comadronas, preparaban o baño do neno.

A partires desta concepción do tema, si que se revolucionou o Belén. Si conservou o nome de "nacemento", xa non era tal. Porque se fixo forte a teoría ou postura de que a Virxe parira sin door, e entón aparciá axionllada, postrada ós pes do fillo-Deus. E ó redor, anxos e pastores. Xa non se percisaban comadronas. Non era verdadeiramente un "nacemento" senón a Adouración de Xesús.

Ao longo do tempo, o concepto dos nacementos foise espilindo, difundindo. Ó comezo, figuras moi sinxelas e artesáns. E hasta un mi lagro se conta que houbo que resultaría decisivo prá difusión dos Belenes. Sucedería en 1.223 cando Francisco de Así montou un Belén no que o neno era unha figura de barro envolta nunhos farrapos. De súpeto, a figura colleu vida e estendeu os seus brazos cara o que xa era o Santo de Así.

E comenzaron a facerse belenes vivos, con seres humáns... representábanse autos do nadal; facíanse figuras de madeira, barro, plomo, e incorporábanse os belenes ás casas.

En Nápoles, fai douscentos anos, os Belenes chegaron ó seu meirande esplendor. En España mereceron a atención dos millores escultores. E xa agora, nos últimos tempos, podemos ver dende nacementos que respetan con fidelidade a tradición e costumes da época do Belén orixinal, hasta os de corte máis modernista e aínda espacial que a maxinación do home poida figurarse.

Por éso, hai que entender o Belén electrónico de Begonte como unha nova etapa; unha brillante etapa que sigue sendo posible ano

.../...

a ano, case milagrosamente. Un novo paso na belenística que, agora, incorpora aqueles elementos que este século da electrónica proporciona para dar movemento e meirande sensación de vida á representación dun dos meirandes fitos da historia da humanidade: O Nacemento, en Belén de Xudea, dun home que foi chamado Xesús de Nazareth, que sufriu paixón e morte, e que, vinte séculos dempois, ten millóns e millóns de seres humanos que o siguen e o chaman a cotío.

00000000000000000000000000000000

Apuntei denantes o posible feito de que se considerasen os Belenes propios tan soio dunhos determinados ambientes ou lugares. O Belén electrónico de Begonte veu a demostrar o contrario.

Xurde tímidamente nun deserto belenístico, sin a menor tradición; sin o apoio dos máis chamados a apoialo; sin a comprensión que unha iniciativa así precisa por parte das xentes do entorno. E, dende entón, loita diaria, loita anual, pola pervivencia.

A masiva presenza de xentes de tódolos puntos da nosa provincia e de fora dela foi, é, como unha proba continuada de que eso que levamos dentro, do que non somos conscientes, aflora en calquera tempo e lugar; que cando atopamos algo que desperta a nosa curiosidade-interés, reaccionamos de forma insospeitada.

Por éso- e volto ao tema inicial- dixeran que Begonte é a capital do Nadal en Galicia. Porque nun deserto belenístico, Begonte mantén grazas ó esforzo dunha dúzia de persoas, mantén viva esa frol do inverno que cada ano renace nesta casa.

Por éso tamén, eu nunca dín cretoá posibilidade de que o Belén electrónico e as iniciativas que o complementan poidera desaparecer. Certo que o traballo é demasiado para un grupo de persoas, certo que os problemas económicos son importantes; certo que a soedade do que se adica a temas coma éste é inmensa. Pero si o pecador leva no pecado a penitencia, o traballador leva na pesada carga do traballo esa compensación moral de deber cumprido, de traballo ben feito; de saberse no camiño dreito, de saber que está facendo o ben.

Quero, por tanto, deixar ben clara a miña opinión e a de moitos máis de que os problemas teñen que ter solución, que o Belén de Begonte ten que ter aínda mellor futuro que pasado agora que rebasa adúcia de anos dende o seu comezo.

Estas crisis teñen que servir pra saír delas novos, medrados,

(4)

.../...

con forza...

Dos problemas temos que sacar ,e sácase,a forza suficiente para saír adiante.

0000000o00000o0000000

Dixen antes que en tódolos pregós hai que falar de amor. ¿Qué máis exemplo de amor que o que aquí se fai,por unha idea, por un pobo?.

Quede,pois,claro que o Belén non vai morrer,non pode morrer,non queremos que morra.Precísase,si,axuda:en traballo, en apoio, pero sobre todo en axuda moral.Precísase comprensión para unha tarefa calada durante todo o ano,brilante durante unhas semanas, rentable e eficaz en tódolos terreos,, queixa é unha obriga para conseguir,para seguir conseguindo,que Begonte non seña soio un punto no mapa da Nacional VI, senón un pobovivo onde cada ano,cada Nadal,estoupa unha rexa iniciativa cultural,social e relixiosa que como unha estrela supernova que estalara estende o seuraio brillante cara o alén.

0o0o0o0o0o0o0

Si tivera que decir pra quen é este Belén, respondería sempre que é o Belén da ilusión:o Belén pra nenos.

Agora que se desvirtua o Nadal,se xa non o está totalmente,temos en Begonte un motivo para que os nosos nenos adeprendan o vello concepto do Nadal.Porque este Belén pode ser considerado como unha peza que non encaixa no gran rompecabezas... para amosar que o nadal pode ser contemplado nun prisma distinto,vello e novosempre.

Este Belén é traballo de home para ollos de neno.Pero calquera pode achegarse a él,porque todos somos nenos en tempo pasado.Todos fomos nenos e temos dalgunha forma que seguir sendo nenos se queremos coroar a nosa meta.

Ser neno quere decir tér a alma aberta a tódolos ensinamentos, ter a sinxeleza e a sinceridade dun inocente;pertenecer aos espacios non contaminados deste mundo.

Para eses benaventurados,prós que son e saben ser nenos, está feito o Belén de Begonte,que hoxe de novo abrimos.

0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0o0

.../...

Pero xa está ben de falar de Begonte. Entremos no tema de fondo, no tema obrigado: No tema do amor.

Fai hoxe dez días chocaban dous avións españois no aeroporto de Barajas. Casi cen mortos foi o resultado da coincidencia dunha serie de circunstancias adversas.

Entre os restos de aparatos, persoas, equipaxes, aparceu unha folla chamuscada, queimada, na que aínda se podía lér unha mensaxe: ""MUCHA SUERTE. CUIDATE. TE QUIERO MUCHO. DANY"".

Tentaba ser unha despedida para unha viaxe. Pero foi moito máis.

O papel foi rescatado, fotografiado, divulgado, de forma que chegou a min na primeira páxina dun xornal, a toda coor. Sobre o fondo de pedra da pista de despegue, o papel queimado era testemuña de amor.

Será, sen dúbida, unha peza vital para quén o escribiu, como o foi pró destinatario. Cicais foi apreixado na mán nos últimos momentos. Cicais foi a derradeira visión de quén morrería no accidente.

Si quen o escribiu ten a triste satisfacción de saber a excepcional valoración da súa mensaxe, quén o recibeu tivo a seguridade de ser lembrado, de deixar aquí alguén querido, de non morrer totalmente, porque eu coido que naide morre en tanto alguén neste mundo se lembre dél. E que vive máis o máis querido, o máis lembrado.

Vive un por sí, en sí, pero sobre todo nos demais. Cando os demais nos menosprecien, nos ignoren, estaremos vivos. Pero cando nos esquezan, cando naide seipa de nós, entón sí que morreremos de vez porque tamén a nosa imaxen estará morta.

Eu diría que hai dous mil anos, cando Xesús naceu en Belén, traguía para todos nós, para todo o mundo, unha notiña, un mensaxe que viña a decir: ""MOITA SORTE. COIDATE. QUEROTE MOITO. DEUS"".

O malo é que o mundo, moitas veces, non sabe ler. Non queremos lér, e esquencemos a carta que por un propio- e nunca mellor dito- por un propio nos mandeu ese Deus noso pra que tiveramos a seguridade de ser amados cunha forza protectora, para nós descoñecida.

De nós depende que seipamos lér a mensaxe, que non rachemos o papel que amorsamente se nos da. Máis aínda: Que seipamos ter a seguranza de que cada día, pola máñán, ao sair á rua, cada home, muller ou neno recibe o mesmo papeliño desexando sorte, pedindo coidado e declarando amor.

.../...

Pouco importa que os homes ou a vida chamusquen, que imen, día a día, ese papel ... Pouco importa que ao remate de cada xornada case non se poidan lér as amorsas verbas coas que Deus se nos declara.

Na planta baixa deste edificio, temos - noutro código, con outro texto, gráficamente - a lembranza desa continada declaración de amor de Deus a un mundo aberto por mil feridas, doído por cen combates, tronzado pola inconsciencia de todos.

Lembrando o Nadal lembramos a carta de amor que Deus nos mandou polo seu fillo. Carta pra toda a humanidade, Carta que tamén nós temos a obriga de escribir a cotío. E o Belén de Begonte é a testemuña de que o deber persiste, de que tódolos días temos que escribir unha carta así.

Iste Belén non é soio un conxunto de figuras graciosas que se moven. Non é soio un refrexo do que aconteceu en Belén nin soio un intento de facernos vivir de novo o nadal. É un continuo recordo do noso deber, lembranza de que o mensaxe que traguía aquel neno sigue sendo válido, lembranza de que unha declaración de amor ten que saír de nós cada día, pra que Deus viva. Porque Deus vive tamén en nós en tanto non o esquezamos.

Que cada día, os que esteñano noso lado, os que vivan con nós, os que se relacionen con nós, os que nos vexan, teñan que entender que reciben as nosas verbas de amor non pronunciadas.

Que cada día nos seipamos decir, anque sexa sin verbas: MOITA SORTE, COIDATE. QUEROTE MOITO. EU.

Entón, non soio o Belén cumpriría o seu fin e nos outros seríamos verdadeiramente felices, senón que tamén ese vello Deus quenos vixila e coida podería, por unha vez ao menos, sorrir. E sorrindo, voltaría a decirnos entre admirado e satisfeito, a sua mensaxe.

Ou cicais nona diría, porque vería que tivorazón cando nos mandou o gran mensaxeiro, que non perdeu o tempo, que aprendemos a ser homes, que merecemos vivir.

O vello Deus vería que non tiña que escribir máis mensaxes de amor, porque xa nós éramos capaces de escribilos.

Ante unha catástrofe como a mencionada dos avións en Madrid, ante un incendio como o desta pasada noite, santímonos abraídos, cheos de amor polos que morren de desgracia. Falla, únicamente, que

67)

sintamos sempre o mesmo. Que seipamos escribir, sin verbas,
sin letras, esas cartas de amor.

O mundo terá arreglo, solución, futuro, cando cada mañán
firmar unha morea de cartas que digan:

"MOITA SORTE. COIDATE. QUEROTE MOITO. EU".

Que seña así.

=====